

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A FUNDACIÓN INSUA DOS POETAS PARA O PROXECTO DE SINALIZACIÓN DO CAMIÑO DE NÓS

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Manuel Merelles Remy, director da Axencia Turismo de Galicia, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 100/2023, do 29 de xuño (DOG núm. 124, do 30 de xuño), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 117, do 20 de xuño), que desconcentra na titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

E doutra parte, Luís Eugenio González Tosar, en calidade de presidente do padroado, en representación da Fundación Insua dos Poetas, CIF G32436370 ,constituída en escritura pública outorgada en Ourense o 14 de xaneiro de 2013, ante o notario Enrique Hernanz Vila, co número 95 do seu protocolo, inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Xunta de Galicia, sección correspondente á Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades co numero 2013-4 .

Interven en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas

EXPOÑEN



Primeiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 1 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a axencia pública autonómica que ten como obxectivo impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos Camiños de Santiago.

Así mesmo, de conformidade co artigo 9 dos seus Estatutos, é a entidade instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o exercicio das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo, e á que lle corresponde directamente ou a través da S. A. de Xestión do Plan Xacobeo, a dirección e coordinación das actuacións relacionadas coa posta en valor cultural e turística do Camiño de Santiago.

Segundo.- Que a Fundación Ínsua dos Poetas é unha entidade sen ánimo de lucro que ten por obxecto a promoción e fomento da lingua e da cultura galegas, a defensa do medio natural e a difusión da obra de autores e autoras representativos da Literatura Galega a través de instalacións artísticas e pinturas-murais nun predio de, aproximadamente, 7 ha de extensión situado nunha paraxe natural con árbores autóctonas e instalacións etnográficas (4 muiños en liña no río Pedriña) sito en A Esgueva, Madarnás, O carballiño. A Insua dos Poetas, espazo cultural de uso público, é unha Fundación de carácter público en cuxo Padroado participan a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades, a Deputación de Ourense e o Concello do Carballiño; que ben funcionando desde 2007, data do primeiro convenio coa Deputación de Ourense. Ó longo destes 17 anos teñense organizado numerosas actividades de carácter cultural (Festa da Palabra, Día das Letras Galegas, Día do Libro, Día da Poesía, Día da Árbore, Día da Auga...) e de fomento e competitividade do turismo etnográfico e tradicional (entroido, magosto, festa dos maios, festivais de música e danza, teatro, proxeccións audiovisuais...).

Terceiro.- O 8 de xullo do 1926 un grupo de camiñantes saen de Ourense camiño de Compostela. En troques de coller a Vía da Prata, un dos itinerarios oficiais a Santiago, decidiron facer a ruta seguindo outro trazado, un camiño medieval que recolleu o



xeógrafo Domingo Fontán na súa cartografía, denominado a Vereia Vella ou Camiño dos Arrieiros.

Equipados con trípodes, cámaras fotográficas e un barómetro altimétrico, saen explorar unha ruta que eles consideran sagrada e van facendo camiño entrementes andan. Desá viaxe, Xavier Pardo Bedia escribiu unhas minuciosas crónicas, publicadas no seu tempo nas páxinas de *A Nosa Terra*, e que agora se converten no libro: *O Camiño de NÓS*, Xabier Pardo Bedia, edición de Luís González Tosar, Aira editorial. Allariz, 2020.

Ademais do autor fixeron aquel roteiro cultural Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco, Afonso Vázquez Monxardín, Lois Feixoo, Florentino López Cuevillas e Antón Sánchez. Sete galeguistas que descubriron coas botas nos pés, o seu propio país. Un traxecto espiritual, simbólico e fundamental para a identidade galega. Mais tamén un camiño material que percorreu varias parroquias e lugares dos concellos de Ourense, Amoeiro, Maside, O Carballiño, O Irixo, Lalín, Silleda, A Estrada, Vedra, Boqueixón e Santiago de Compostela, deixándonos descrições de sublime beleza literaria e valor etnográfico.

Cuarto.- Con este convenio quérese poñer en valor o itinerario cultural Camiño de Nós, que fixeron a pé, entre o 8 e o 11 de xullo de 1926, os galeguistas do Grupo Nós sinalizando as 4 xornadas orixinarias que aparecen documentadas: Ourense-Amoeiro, Amoeiro-O Carballiño, O Carballiño –O Irixo, O Irixo -Silleda, Silleda -Ponte Ulla, Ponte Ulla -Pico Sacro e Pico Sacro-Santiago de Compostela.

Quinto.- O Plan Director 2021-2023, Galicia Destino Seguro, dentro das liñas estratéxicas e plans de accións inclúe na Liña estratéxica 3 Territorio e recursos turísticos, o plan de acción 3.4 Turismo Cultural, na que entre outras opcións operativas, se aposta polo deseño de liñas de traballo que sitúen á historia de Galicia como eixe vertebrador á hora de artellar produto turístico, así como o fomento do turismo literario, mediante a promoción de rutas que visibilicen a biografía e traxectoria dos principais autores galegos

Que as entidades consideran de mutuo interese a colaboración na actuación obxecto deste convenio porque contribúe á divulgación e estudo da Xeración Nós e do Camiño de Nós. Por estas razóns, concorren para os efectos establecidos nos artigos 19.4.c) e 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1.a) do Regulamento da



devandita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para o outorgamento da subvención.

Non procede a realización dunha convocatoria pública, ao tratarse da única iniciativa con tales características realizada na nosa Comunidade Autónoma, e ao ser a Asociación a única entidade organizadora da actuación obxecto da subvención.

Dada a converxencia de ámbitos de actuación e o mutuo interese en axuntar esforzos na consecución duns fins que son comúns, as partes asinantes, en virtude da representación coa que interveñen, acordan a subscripción deste convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio.

Constitúe o obxecto do presente convenio a o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Fundación Insua dos Poetas, para o proxecto de sinalización do Camiño de Nós.

Segunda.- Orzamento e financiamento.

O orzamento estimado para a realización das actuacións previstas neste convenio ascende a 36.300,00 € (IVE incluído), que se distribúen da seguinte maneira:

CONCEPTO	IMPORTE
11 marcos de pedra coa rotulación correspondente gravada	30.000,00€
6 placas de metacrilato	
71 indicadores en chapa das localizacións polas que pasa o Camiño de Nós	
Gastos de transporte e colocación	
Gastos relacionados coa actividade subvencionada	
IVE	6.300,00 €



TOTAL	36.300,00€
-------	------------

Deste orzamento, a Axencia Turismo de Galicia financiará a contía de 36.300,00 € (IVE incluído). Esta achega da Axencia só cubrirá o custo de realización da actividade, sen que a Asociación obteña beneficio ou lucro industrial algún coa devandita achega.

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pago dos gastos correspondentes con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.781.0, código de proxecto 2015 00005, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

Terceira. Gastos subvencionables.

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula segunda e que se realicen a partir do **1 de xaneiro de 2023**. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co artigo 29.7 da Lei de subvencións de Galicia, os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a súa adecuada preparación ou execución.

Cuarta.- Compromisos das partes.

I. Fundación Ínsua dos Poetas queda obrigada á execución das referidas actuacións e a realizar todas as actividades necesarias para que as actuacións do convenio de colaboración se desenvolvan correctamente.

Así mesmo, comprométese a:

- Realizar as actividades previstas neste convenio.



- Incluir en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da **Xunta de Galicia**.

Nos materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación deberán constar lendas relativas ao da Xunta de Galicia.

Igualmente, a entidade beneficiaria deberá incluír nas súas accións promocionais a **marca turística de Galicia**, de acordo co Decreto 121/2011, do 16 de xuño, polo que se aproba a marca turística de Galicia e se regula a súa utilización (DOG núm. 125, do 30 de xuño).

- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino do investimento.
- Presentar, con anterioridade á firma do convenio, as certificacións de estar ao corrente das súas obrigacións tributarias e sociais e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei de subvencións de Galicia.
- Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia das obrigacións previstas no Título I da citada lei.
- Todas as demais obrigacións establecidas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia.



II. A Axencia Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custo das actividades previstas a través da achega establecida na cláusula segunda.

Quinta.- Inexistencia de relación laboral.

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Axencia Turismo de Galicia, de tal modo que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiariamente polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

Sexta.- Compatibilidade.

De conformidade co disposto no artigo 40.1 d) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a achega económica prevista neste convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

En ningún caso o importe das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, cústeo da actividade subvencionada, ao amparo do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sétima.- Comisión de seguimento.

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por representantes de cada unha das entidades asinantes, ostentando a presidencia un dos representantes da Axencia Turismo de Galicia.

A Comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Propoñer a interpretación e resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.



Está Comisión actuará segundo o previsto no Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia.

Oitava.- Modificacións do convenio.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento de dita lei.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Novena.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente.

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que o exclúe expresamente no artigo 6.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das



administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, na súa falta, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

Décima.– Xustificación do convenio e pagamento.

I. A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de **conta xustificativa**, de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño que a desenvolve, que conterá a seguinte documentación:

- 1) Memoria de actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- 2) Unha memoria económica xustificativa do custe das actividades realizadas, que conterá:
 - a) Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.
 - b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago. No caso de tratarse de gastos inferiores a 1.000 € poderá xustificarse o pagamento mediante recibo do provedor.



- c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación á que se fai referencia na letra a).
- d) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa orixe.
- e) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar o beneficiario.
- f) No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.

Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración da Xunta de Galicia e a marca turística de Galicia.

3) Certificación bancaria de titularidade da conta na que se deba realizar o pagamento.

Doutra banda, a entidade beneficiaria deberá acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento dos seus deberes tributarios e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

A documentación correspondente á xustificación presentarse de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

II. A achega da Axencia Turismo de Galicia minorarase proporcionalmente no caso de que non se xustifique o orzamento total estimado que figura na cláusula segunda, a condición de que se consiga o obxecto do convenio.

Con todo, non se entenderá incumplido o deber de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns



xustificadas e as actuacións que se levaron a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.

III. A comunicación relativa á obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención, deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de con a subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a orixe e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

IV. Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pago.

Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do referido prazo de xustificación. Exceptúanse aqueles gastos cuxos pagos deban efectuarse nun momento posterior por axustarse aos calendarios de recadación, como os ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. O importe destes ingresos ou cotas considerarase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) en que se reflicta o importe de retención ou cotizacións devindicadas na data de xustificación. A entidade beneficiaria quedará obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación nos dez días seguintes ao final dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario.

V. De conformidade co artigo 29.7 da Lei de subvencións de Galicia, serán subvencionables os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto



subvencionado e os de administración específicos son subvencionables si están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

O importe correspondente ao IVE, xerado polos gastos que xeren os conceptos orzamentarios previstos na cláusula segunda, só poderá ser imputado ao convenio na contía que non sexa recuperada ou compensada pola entidade beneficiaria, o cal deberá ser acreditado por esta coa xustificación do convenio. A Axencia Turismo de Galicia resérvase o dereito para solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación dos gastos de execución do convenio.

VI. O prazo para presentar a documentación xustificativa por parte da Fundación Insua dos Poetas é o **30 de novembro de 2023**.

A documentación correspondente á xustificación presentárase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

Décimo primeira.– Pagamentos anticipados.

Poderanse realizar **pagamentos anticipados**, ao amparo do disposto no artigo 63.1.Dous do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio, de ata o 50% da subvención concedida e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada.

Coa solicitude de anticipo a entidade beneficiaria terá que presentar certificacións de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de non ter pendentes de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Así mesmo, debe xuntarse declaración responsable da obtención ou non doutras subvencións, axudas, ingresos ou recurso que financien as actividades subvencionadas.



De conformidade co disposto no citado artigo 65 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a Asociación deberá constituír garantía correspondente aos pagamentos anticipados, cando a súa contía acumulada supere os 18.000€. A garantía deberá cubrir o 110% das cantidades anticipadas, ao abeiro do disposto no artigo 67 do citado Regulamento.

Décimo segunda.- Subcontratación.

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan fora da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir a entidade beneficiaria para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante a entidade beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. A Fundación Ínsua dos Poetas será a responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os/as subcontratistas están obrigados/as a facilitarlles aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.

c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.

d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización do órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

Décimo terceira.- Causas de resolución.

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O transcurso do tempo estipulado sen que culminen as actividades acordadas.
- O acordo unánime dos asinantes.
- A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Décimo cuarta.- Reintegro da subvención.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, a entidade beneficiaria deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia.



Décimo quinta. - Publicidade e rexistro do convenio. Autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio.

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre os deberes específicos de información sobre convenios.

Ao mesmo tempo, procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Coa sinatura do presente convenios as partes asinantes autorizan e consenten a publicidade dos datos de carácter persoal e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Décimo sexta.- Protección de datos persoais

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/679 (UE)



xeral de protección de datos, na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a súa adecuada formalización e desenvolvemento, en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXP.

Décimo sétima.– Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo oitava.– Vixencia.

Este convenio entrará en vigor na data da súa firma e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2023.

As partes acordan, así mesmo, continuar anualmente a colaboración en forma de convenio entre a Axencia Turismo de Galicia e a Fundación Insua dos Poetas, para unha maior promoción das actividades e a mellora das infraestruturas existentes no predio



da Fundación, sito en A Esgueva, Madarnás, O Carballiño (Ourense). Colaboración que significará unha aportación á coordinación e xestión da política autonómica en materia de turismo levada a cabo pola Axencia Turismo de Galicia.

E en proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio na data da súa sinatura dixital.

Pola Axencia Turismo de Galicia
O director

Pola Fundación Insua dos Poetas
O presidente

José Manuel Merelles Remy

Luis Eugenio González Tosar